

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xuño de 2024**

Ás 17.35 horas do día 17 de xuño de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a M.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 23 DE MAIO DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de maio de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Políticas Sociais do día 23 de maio de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE SOLIDARIEDADE COA SITUACIÓN
DE DESLEIXO E SUFRIMENTO DO POBO PALESTINO E PARA A PROMOCIÓN,
AXUDA E COORDINACIÓN DE INICIATIVAS PARA RECOLLIDA DE AXUDA
HUMANITARIA PARA GAZA.**

D. Emilio Luís Díaz Vidal, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D.ª María José Mangana Guede, do BNG, sinala que a exposición de motivos da moción recolle a realidade do pobo palestino, que este pobo sufriu unha historia moi dura, pero que as propostas de acordo da moción lle parecen pouco ambiciosas, polo que o seu grupo estudará a posibilidade de formular algunha emenda.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, pídelles ao grupo propoñente da moción que antes do Pleno debería coñecer o texto da declaración de solidariedade co pobo palestino á que se refire no punto primeiro da proposta de acordo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que os grupos políticos representados na Deputación de Ourense subscriban unha declaración de solidariedade coa situación de desleixo e sufrimento do pobo palestino, instando ao Estado de Israel a poñer fin de xeito inmediato ao asedio e bombardeos indiscriminados sobre poboacións civís, e para que se levante o bloqueo á Franxa de Gaza para o subministro de produtos básicos e a entrada de axuda humanitaria.

SEGUNDO.- Instar á Deputación de Ourense a promover, axudar e coordinar iniciativas de recollida de axuda humanitaria entre concellos e organizacións da provincia, poñendo os medios ao seu dispor para a recollida dos aportes, dispoñendo de centros de recollida e

almacenamento ou facilitando o transporte para poñer as achegas en mans de instancias e axencias habilitadas para conducir as achegas ata os damnificados palestinos.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 17.46 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.